

ENTREVISTA

Por que decidiu facer esta viaxe á Arxentina, acompañado do produtor e director Anxo Fernández?

-Galicia remata -ou comeza- sempre ou na Habana ou en Bos Aires. Eu sabía que os exilados relixiosos marcharan, fundamentalmente, á Arxentina, e tiña que contactar con eles para poder acabar a triloxía. Alí estiven moi ben arroupado por Eduardo Cartea Millos, pastor da igrexa de Munro, coñecida como a “igrexa dos galegos”, un vigués neto de dous personaxes fundamentais de *Evanxélica Memoria*: don Juan Cartea e don Severiano Millos. O primeiro foi o xastre do gobernador militar de Vigo, que era xorobetas. Cartea, que era un artista da xastrería, facíalle ao gobernador unha roupa coa que parecía que tiña o lombo ben e conseguiu deste sátrapa que a igrexa da rúa Pi y Margall fose a única igrexa non católica romana que permaneceu aberta en España nos tempos da máxima represión. E don Severiano Millos era un colporteur, un vendedores de biblias protestantes, biblias liberadas, herdeiro do traballo que comezou en España George Borrow, *don Jorgito el Inglés*. Eu fun alá, daquela, sabendo que me ía recibir este home, Eduardo Cartea Millos, quen, á súa vez, me redirixiu a un grupo importante de emigrantes “falsos”. Porque non emigraran por mor de razóns económicas, senón que se trata, realmente, de exilados por motivos ideolóxicos. Quero dicir que foron duramente reprimidos, non por seren protestantes, senón por disidentes. Porque o que estamos a revisar nesta triloxía non é tanto o feito da súa observancia protestante como a evidencia de acturaren de disidentes con respecto da ideoloxía dominante, e absolutamente imposta. que era, dentro do franquismo, o nacional-catolicismo. Fun á Arxentina con Anxo Fernández, que é un produtor e director de documentais, algún deles recentemente premiado, como *El país de nomeacuerdo*, e que ten a boa intención de realizar unha reportaxe, tamén en forma de documental, sobre unha realidade oculta ata o día de hoxe, e que é a vida dos evanxélicos galegos.

-Imaxino que todas as testemuñas foron moi valiosas, pero houbo algunha que o abraíase máis que outras?

-Impresionoume moito a entrevista cunha señora de Carril que me contou que o seu marido, forzado pola represión, marchara a Bos Aires mentres ela quedaba aquí, embarazada. Naceulle unha nena e, cando a cativa xa tiña seis meses, recibiu un billete para reunirse co seu home. Ela saíu de Vigo un día radiante de xuño, chorando e con pena de deixar un sitio tan bonito. O que non imaxinaba, porque era unha moza nova de apenas vinte anos, é que cando aquí é verán, ao outro lado do mundo é inverno. E cando chegou a Bos Aires, un 28 de xuño, e sentíu que dicían “lucos de Buenos Aires, lucos de Buenos Aires”, deixou á nena na cabina e o que viu foron as luciñas baixas dunha cidade na que facía un frío de pleno inverno. Foi cando se decatou de que ía a un mundo diferente. Pero o máis chocante de todo foi que, cando saíu a encontrarse co seu marido -e estamos falando de xente moi nova, en plena arroutada amorosa-, a nena o único que fixo ao ver ao pai foi botarse a chorar, porque, loxicamente, non sabía quen era. Agora ponte no lugar dunha mulleriña nova, que sae do seu Carril para enfrontarse a esa masa urbana espantosa, que é Bos Aires, e que o primeiro que atopou é que a súa filla rexeita ao pai. Esta xente pasouno moi mal. A min impresionoume moito, a punto de bágoa, escoitar unha historia tan emotiva. Despois oín cousas realmente espantosas. Por exemplo, o fillo dun evanxélico manifesto contoume, no medio e medio da provincia de Bos Aires, en plena pampa, que ao seu pai veulle un día o xefe da “Brigada del Amanecer” da cidade na que eles vivían en Galicia e díxolles: “mire, solicítáronme que o matase, pero eu díxenlles que, como son fascista, non entendo de diferenzas de relixión”. Entón este home quixo saber quen lle pedira aos paseadores que o mata-



Xavier Alcalá

“Sinto a satisfacción dun deber cumprido”

Para rematar Unha falsa luz, novela que conclúe a triloxía Evanxélica Memoria, Xavier Alcalá viaxou á Arxentina, onde se entrevistou cos evanxélicos galegos exilados e os seus descendentes: unha comunidade vítima dunha traxedia oculta



NATALIA ÁLVAREZ

sen, e foi descubrir que fora o bispo. É demasiado forte como para que estas cousas non as contemos, non si? Chega un determinado momento no que temos que acabar co mito da transición española e temos que poñer as cousas no sitio. Os españois vellos temos que preocuparnos por España; non sei o que pasará a partir de agora, pero os que estamos aquí e somos españois temos que arranxar as contas entre nós.

- Por que cre que había tal descoñecemento da traxedia de toda esta xente?

-Por dúas razóns. Primeiro, por desinterese total, porque a xente se preocupou moito pola represión política, pero non pola relixiosa. Ademais, parece que aquí está mal visto pola esquerda ter unhas crenzas cristiás. De feito, foron tan vítimas da extrema esquerda como o foron do fascismo. O que pasa é que o fascismo gañou, e foi cruel con eles, e os outros perderon a guerra e sufriron con eles a represión. A segunda razón explicase porque os evanxélicos teñen unha condición importante: son cristiáns a fondo, plenamente convencidos, e oran polos seus inimigos. De feito, eles prohibíron-

me dar nomes e apelidos dos maos. Só aparecen cando o mao é unha personaxe histórica inocultable, como Franco, o padre Rubinos ou Carrero Blanco. Pero prohibíronme que os maos da intrahistoria aparecesen con nomes e apelidos, porque queren que se saiban os feitos, pero non desexan que ninguén se sinta ofendido, e repiten que eles oran polos seus inimigos, tal e como mandou Cristo. Isto é o que condiciona que houbese tal silencio. Non por medo, senón polo sentido do perdón. Daquela, estas xentes viviron unha situación de tensión espiritual interna: elixir entre calar para sempre ou contar o que aconteceu sen ofender a ninguén. E do que estou moi orgulloso, e agradecido, é de que me escollesen como escribán. Porque tiveron alternativas de tratar con outros narradores, pero viéronme buscar a min, moi probablemente porque pensaron que sería capaz de adaptarma ás condicións que puñan para o relato.

- Atoparon a liberdade relixiosa na Arxentina?

-Atopárona. Pero sabes que é o que me repiten? Pois que, ao final, non saben se pagou a pena. Porque a vida na Arxentina distrae moito, por culpa do desastre socioeconómico. Fuxeron, atoparon unha liberdade que, como eles mesmos din, nunca foi interrompida nin nos momentos máis duros da ditadura, pero, non obstante, ven que aquí, en España, as cousas volveron ao rego e que non temos os padecementos de índole material que teñen alí. Porque claro, eles viven mal, como vive todo o mundo na Arxentina, sobre todo os que sempre foron honrados e non entraron nos xogos impresentables da economía.

- E cal é o sentimento que gardan cara a Galicia?

-Pois amor, amor e amor; saudade, saudade e saudade. E bágoas que afloran inmediatamente nos seus ollos cando lembran os lugares onde crearon igrexas. É algo abriante, que rompe a alma. E outra cousa importante que debemos dicir é que esta xente, tan evanxélica como son eles, outra vez demostran o poder terrible da nación galega. Porque eles fundaron igrexas galegas, asociáronse coa condición de galegos, aínda que despois admitiron outra xente.

- Logo de tantos anos de investigación e de traballo, que lle queda? Satisfacción? Amargura por tanta traxedia?

-Vouche ser sincero: sinto a satisfacción dun deber cumprido. Porque me parece que alguén tiña que facer isto. É ben probable que eu non acertase plenamente, porque teño consciencia das miñas limitacións, pero, polo menos, abrí un camiño no que tedes que traballar agora moi seriamente os xornalistas e os mais os historiadores.

- Con “Unha falsa luz” vén de gañar o Premio da Crítica de Galicia. É un premio tamén para toda a comunidade evanxélica?

-Por suposto. Eu, neste caso, estou actuando como escribán con oficio. A miña maior alegría, e así o manifestei o outro día en Mondariz, é que se faga un recoñecemento a unha comunidade que sufriu dunha maneira terrible e que, precisamente pola súa condición relixiosa, viviu calada.

- Tras rematar a triloxía, que proxectos literarios ten?

-Teño unha novela á vista, *A Banda das Chinas*. É unha novela moi dura, sobre corrupción política, na que fago unha especie de proxección futura, nunha Galicia gobernada por unha banda de nenas chinesas adoptadas. Ese é o punto de partida, e nela vou falar dun caso de corrupción política que coñecín dunha maneira colateral, e ao que lle vou dar forma literaria para demostrar ata que punto non hai maneira de corrixir tanto pecado que a xente non confensa.